

Ola! Son Pedro.

Ola!, preséntome, eu son Pedro, un adolescente gay medio galego e medio cubano, e coma toda persoa homosexual nestes tempos moitas situacións na vida non son fáciles para min, polo que agora vouche contar a miña historia.

Eu nacín aquí en Galicia no 2008. Os meus avós e a miña nai son destas terras, mais o meu pai é de Cuba pero agora encóntrase alí sen posibilidade de volver a España, porque, cando el estaba coa miña nai pola máis mínima cousa empezaban a pelexar e a miña nai acababa golpeada ou chorando por culpa do meu pai, de feito houbo unha vez que de tantos gritos e golpes que escoitaran os veciños, chamaran á policía, pero, por desgracia para miña nai Andrés(meu pai) saíuse coa súa e logrou que os oficiais non encontraran nada estraño e se foron. Iso non é o único pois miña nai nunca podía ir en saia ou vestido corto, sempre largo e moi tapada e se non cumpría ao chegar á casa esperábanlle golpes ou ata que meu pai a deixara sen comer durante varios días. Mentres todo iso pasaba meus avós estaban moi preocupados pois Andrés non deixaba a miña nai que visitara aos meus avós, aínda que un día escapouse daquela casa como puido, comigo en brazos e toda golpeada e sangrando. Cando chegou á casa dos meus avós pediulles que por favor a levaran lonxe, que ela non podía vivir un día máis preto daquel home, e aproveitaron que miña avoa tiña familia vivindo en León e nos levaron para alí onde fixen primeiro de primaria, máis só duraríamos un ano, porque irse de novo para Galicia xa era seguro para nós.

Cando volvemos descubrimos que os meus avós denunciaron ao meu pai e gañaran o caso así que lle quitaron os papeis a meu pai e o mandaron para Cuba sen posibilidade de volver.

Despois diso miña vida escolar foi moi doada xa que sempre me gustou estudar e era moi bo niso, mais cando cheguei á escola secundaria empezaron os problemas, declareime como gay e iso conduzo a varios problemas porque nunca falta o grupo dos que se cren “guais” e lanzan algún comentario homofóbico mais nunca levará a nada. Cando cheguei a segundo empeorou a cousa porque, como non lles tocou na miña clase e non foi graciosa a cousa xa que sempre había comentarios coma: “puto gay”, “con franco isto non pasaba”, “haber se te morres xa que lle fas un favor á sociedade”. Isto no me ofendía pero chegaba a ser canso porque era un día tras outro con comentarios de ese estilo.

O 16 de abril xa chegáramos ao terceiro trimestre eu xa tiña ganas de acabar o curso e que me quitasen desa clase, pero o que non sabía era que o peor ía pasar nesa tarde porque non sei como o meu avó que é unha persoa moi cerrada á súa época, deuse conta de que eu era homosexual e, mentres eu estaba tranquilo

facendo as tarefas na miña habitación, entrou no meu cuarto e nos empezamos a pelexar. Recordo que me dixo, “ e agora que, como vou ter descendencia, se é que eu xa o sabía que ti non servías para nada”, e eu lle dixen “ben, pois tarde ou cedo o terás que aceptar pois eu non vou a cambiar da noite á maña”, e el me respondera “pois eu non quero xente rara coma ti na miña casa nin na miña familia así que ou cambias ou xa non es meu neto”, aquilo me quebrara por dentro así que lle afirmei que xa non ía ser seu neto, collín as miñas cousas e funme sen dicir nada. Aquilo fóra a gota que colmara o vaso así que decidín que quería acabar coa miña vida pois nin no colexio nin na casa me ía ben, entón, funme cara unha estrada e cando pasou un coche... Grazas a Deus leváronme pronto ao Hospital e logrei recuperarme e que o meu avó me pedira perdón mais sé con certeza que aínda non entende ben eso da Homosexualidade aínda que xa llo ensinarei.

No colexio fixéronme unha benvida e aqueles que tan mal rato fixéronme pasar desculpáronse e non volveron dicirme nada. Tamén tiveron que empezar a ir ao psicólogo e á tomar pastillas para a depresión. Agora estou e cuarto case en bacharelato a miña vida vai feliz e non volvín a aqueles pensamentos así que o deixo por aquí para non alongar moito a historia.

Eric Bedoya Neira
26-04-24